O FIEITOSO DE TARAGOÑA

Comunidade titular: Varios lugares da parroquia de Taragoña (Rianxo)
Forma xurídica: MVMC
Superficie: 77 ha
N.º de comuneiras/os: 21 (7 mulleres, 14 homes)
N.º mulleres no órgano de goberno: 0 (de 5)

Vista aérea
das zonas de pastoreo
da CMVMC O Fieitoso

CONTEXTO

Situación

O monte do Fieitoso encóntrase en Taragoña, ao oeste do Concello de Rianxo. Linda con outros montes veciñais cuxo aproveitamento é privativo doutros lugares da mesma parroquia (Ourille ao norte e Paradela ao oeste), estendéndose pola ladeira sur do Monte do Castro Barbudo, punto máis alto. Trátase dunha zona de transición entre a Serra do Barbanza, os montes do Treito e o esteiro do río Ulla. Presenta un relevo de formas suaves e arredondadas, mais con cotas de certa importancia. O punto central é Campo Maneiro, onde se concentran os usos recreativos (campo da festa, área recreativa) con infraestruturas (un colexio público e pavillón deportivo), e onde existiu unha feira de gando até a década de 1960. Taragoña está a 5 km da cabeceira municipal de Rianxo e a 40 km de Santiago de Compostela.

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Joám Evans Pim
Belén Albor Nimo
Emilio Saborido
Miguel Rial Lorenzo
Covadonga Rodríguez
Ramón Brea Rei
José Luís do Pico Orjais
Bruno Ruival

Filgueiras

Cabra galega roendo
acacia negra

Síntese histórica

Os primeiros rexistros escritos nos que aparece Taragoña son dous documentos dos anos 1111 e 1158 nos que consta cos nomes de “Trevonium” e “Taragonio”. A parroquia ficou integrada no Señorío de Rianxo, establecido no século seguinte baixo Paio Gómez Chariño, e que no s. XVI pasou ao control da mitra compostelana. Taragoña foi brevemente concello de seu durante o Trienio Liberal e no s. XX tentaría converterse, sen éxito, en entidade local menor. A parroquia é notábel pola súa viva tradición de asociativismo musical, cultural e deportivo.

O do Fieitoso de Taragoña foi dos últimos montes veciñais en clasificarse en Rianxo, nun proceso iniciado en 2004 e que finalizou co acordo do xurado de montes de 2006. Mesmo así, a comunidade pasou por períodos de inactividade, até que en 2017 unha nova xunta reitora reactiva a xestión encamiñándoa para un modelo alternativo centrado na conservación da biodiversidade e na creación dun bosque multifuncional e sustentábel. Pode ser comuneira deste monte toda a veciñanza dos lugares da parroquia que non contan cun monte veciñal propio.

“Salva”, o burro
(*Equus asinus*) do Fieitoso

Cuco cinsento
(*Cuculus canorus*)



Miradoiro do Castro Barbudo

VALORES DE CONSERVACIÓN

O Castro Barbudo, o punto máis elevado da parroquia, encóntrase contiguo ao monte veciñal, a 300 m de altitude. Trátase dun enclave privilexiado desde o que se observa o val do río Té, a Enseada de Rianxo e boa parte da ría de Arousa. No monte veciñal nace o rego do Froxo, tributario do Té. No monte destacan varios soutos (9260), un de 2 ha xa consolidado no Chan de Filgueiras, coa implicación do CEP Brea Segade, o Festival Antrospinos e o Movemento Veciñal Fousas ao Monte; e outro doutras 2 ha en proceso de rexeneración. O resultado da implicación veciñal nas últimas décadas permitiu a recuperación de 12 ha de bosque autóctono en zonas previamente dominadas por acacia negra e eucalipto. Nas zonas onde se estableceron bosques con carballos, castiñeiros, cerdeiras e sobreiras, a comunidade observou o aumento da diversidade de avifauna, que inclúe especies como o xílgaro (*Carduelis carduelis*) ou o cuco (*Cuculus canorus*), así como de mamíferos como o teixugo (*Meles meles*) e o lobo (*Canis lupus*).

Romaría das Fousas en Filgueiras

Carballeira de Filgueiras

Refuxio das cabras da Carrenla

BOAS PRÁCTICAS

Recuperación do bosque autóctono

En 1994, o alumnado do CEP Xosé María Brea Segade realizou unha plantación de árbores autóctonas no Chan de Filgueiras, a poucos metros da escola. Ese día quedou na memoria colectiva da rapazada e en 2017, após a vaga de lumes que arrasou o sur de Pontevedra e o norte de Portugal, boa parte dese grupo, agora xa adultas, decidiu retomar a súa implicación co territorio para a restauración do bosque autóctono. Comezando desde aquela plantación dos anos 90, organizouse unha iniciativa de voluntariado ambiental para eliminar especies exóticas invasoras, consolidar as antigas plantacións e plantar máis árbores, nacendo así o Movemento Veciñal Fousas ao Monte. O colectivo traballa man a man coa comunidade de montes para implicar a toda a veciñanza e procurar financiamento e apoios. Entre 2017 e 2025 eliminároнse aproximadamente 30 ha de acacia e eucalipto, que se viñan espallando desde os terreos contiguos axudados polos lumes, e recuperáronse 12 ha de bosque autóctono mediante plantación de carballos, castiñeiros, cerdeiras, freixos e outras especies. A recuperación de hábitats integrouse na programación de actividades lúdicas e festivas, como o Festival Antrospinos ou a Romaría das Fousas, que se organiza no Chan de Filgueiras.

Control de acacia con cabras

En 2020, a comunidade decidiu introducir un pequeno rabaño de cabra galega conformado por cinco cabuxas, un castrón e varios cabritiños. A elección da raza veu motivada polo afán da comunidade de axudar na conservación desta raza autóctona en perigo de extinción e pola súa boa adaptación a terreos abruptos. O proxecto de gando caprino non procuraba apenas o control da biomasa e prevención de incendios, senón que foi concebido como unha estratexia de xestión e control da acacia, pois as cabras aliméntanse dos abrochos e contribúen á súa erradicación. Inicialmente, o rabaño movíase por un espazo de 8 ha en réxime de semiliberdade, mais na actualidade a superficie aumentou até as 12 ha e a comunidade conta xa cunhas 25 cabras. Realizáronse varios peches, un dos cales chega até o patio da escola de Campo Maneiro, o que permitiu implicar as nenas e nenos no seu coidado. A comunidade tamén participa xunto coa Plataforma en Defensa do Monte nun proxecto para o pastoreo con rabaños compartidos entre varias comunidades de Rianxo.

Máis ca leña

"Máis ca leña" é unha iniciativa educativa impulsada pola comunidade, o Movemento Veciñal Fousas ao Monte e o alumnado e profesorado do CEP Xosé María Brea Segade. A iniciativa está dirixida a escolares de educación infantil, primaria e secundaria, ademais de outros grupos con intereses ambientais, e organízase como unha área didáctica permanente que mostra a multifuncionalidade do monte destacando o coñecemento da biodiversidade local, os usos socioculturais e os distintos aproveitamentos: gandaría, micoloxía, apicultura, produción de castañas, resina, etc., a través da experiencia e participación directa no monte veciñal. A importancia desta iniciativa foi recoñecida polo Laboratorio Ecosocial do Barbanza, que a seleccionou como un dos tres proxectos gañadores da súa convocatoria Proxectos Semente, mentres que en 2024 foi finalista na categoría "Transformación da paisaxe rural" dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural. Desde 2025, o CEP e a comunidade participan do programa Escolas Abertas e con Fume, iniciativa deseñada a partir da propia experiencia de "Máis ca leña".

Visita escolar á área didáctica de Mais ca leña

Plataforma en Defensa do Monte

En 2019 orixínase un incendio de grandes dimensións que afecta a máis de 2000 ha en varias parroquias dos concellos de Rianxo e Rois. A raíz deste suceso, as 9 comunidades de montes veciñais de Rianxo únense para crear a Plataforma pola Defensa do Monte co obxectivo de facer unha xestión conxunta dos seus territorios (unhas 2000 ha). En 2020 elaboran e aproban unhas "Directrices de Ordenación Territorial do Espazo Forestal en Rianxo", nas que se acorda promover un modelo de xestión multifuncional e resiliente fronte aos incendios forestais. En 2024, a Plataforma, da man do Laboratorio Ecosocial do Barbanza, lanzou un proxecto financiado pola Fundación Biodiversidad, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, orientado á implementación desas directrices, creando zonas comúns de pastoreo entre comunidades mediante un rabaño mancomunado de máis de 80 cabras e recuperando zonas degradadas, entre numerosas outras accións de divulgación, formación e educación.

Integración da comunidade educativa

As crianzas de hoxe son as comuneiras de mañá. Por iso é chave a súa inmersión temperá no coñecemento e gobernanza comunitaria do territorio. A Lei de montes da Galiza (2012) contempla expresamente a promoción da cultura forestal no ensino primario e secundario, impulsando o coñecemento da realidade do monte adecuado ás diferentes idades, así como dos beneficios que a sociedade recibe do monte en forma de servizos, recursos e aproveitamentos forestais, e especialmente respecto ás características propias e singulares do monte galego, como o monte veciñal en man común, o funcionamento das comunidades de montes e os seus valores. Neste mesmo sentido, a primeira revisión do Plan Forestal da Galiza 2021-2040 marca o obxectivo de crear un "programa de divulgación e comunicación da cultura forestal" para contribuír á "concienciación sobre a importancia ambiental do monte". Entre as actividades concretas refire a organización de "visitas a comunidades de MVMC con xestión activa".

Visita de familias ao refuxio das cabras da Carrenla

FONTES E RECURSOS

- Brea Rei, X. R. (2021). *Taragoña na historia: 90 aniversario da escola Rosalía de Castro*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Fondo Documental do Monte Galego (2006). Carpeta ficha do monte veciñal en man común de Fieitoso de Taragoña. Dispoñíbel en: https://documentacionmontegalego.xunta.gal/es/documentos/carpeta-ficha-do-monte-vecinal-en-man-comun-fieitoso-de-taragona-clasificado
- Laboratorio Ecosocial do Barbanza (2023). *Cando eramos sostibles. Aprendendo no Barbanza as claves do futuro*. (2ª ed.). Santiago de Compostela: Fundación Ría. Dispoñíbel en: https://barbanzaecosocial.org/gl/cando-eramos-sostibles/

A COMUNIDADE NA REDE

fousasaomonte

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.